



FONDO SOLIDARIO PARA 3º-4º AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO DE 1º e 2º AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR 1º a 6º (ORDE do 6 de maio de 2021)

Fondo solidario 3º-4º (5º e 6º traballarán co programa E-DIXGAL)

A asignación dos libros de texto efectuarase por:

1. Orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.
2. Terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, independentemente a renda.

Esgotados os libros dispoñibles, o centro adquirirá os libros necesarios (o importe máximo dos libros será 30 €) para garantir:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000 €: **6 libros**
- Renda per cápita entre 6000 e 10000 € : **4 libros**
- Alumnado mencionado no punto 2: **6 libros**

Axudas para adquirir libros de texto de 1º e 2º

1. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€ : **210 €**
2. Renda per cápita entre 6000 e 10000: **140 €**

Axudas para material escolar

A contía de axuda para adquirir material escolar destinado ao alumnado de EP con renda per cápita igual ou inferior a 6000 € será de **50 €**

Aclaracións:

- Renda per cápita familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2019** entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.

**Sumarase a base imponible xeral e a base imponible de aforro do exercicio de 2019:
(recadro 435) + (recadro 460)**

Se non se presentou, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria

- Membros computables da unidade familiar:
 - a) Os pais non separados legalmente nin divorciados.
 - b) Os fillos e fillas menores de idade con excepción dos emancipados.
 - c) As fillas e fillos maiores de idade con discapacidade ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - d) As fillas e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
 - e) As persoas proxenitoras separadas legalmente ou divorciadas cando haxa custodia compartida.

f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análogo, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado. Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar esta constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Terase en conta a situación familiar a 31 de decembro de 2019.

▪ **Obrigas das persoas beneficiarias:**

As persoas beneficiarias do curso pasado terán que devolver os libros de texto e material reutilizable, agás o alumnado de 1º e 2º. Conservar en bo estado os libros de texto e material reutilizable .

A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e nas axudas para libros e material escolar.

▪ **Solicitudes:**

A solicitude será única para todos os fillos e fillas escolarizados no centro.

ANEXO I

▪ **Documentación complementaria:**

a) **Anexo II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. **No caso de que non autoricen esta consulta** deberán indicalo no cadro correspondente e achegar a seguinte documentación:

1. Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.
2. Percepción de pensión por incapacidade total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%).

b)

1. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador.
2. Certificado ou volante de convivencia.
3. Informe dos servizos sociais do concello onde resida a familia.

c) Certificado do grao de discapacidade, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) Documentación acreditativa da situación de violencia de xénero en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007 do 27 de xullo.

e) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

**O prazo de entrega de solicitudes finalizará o día 22 de xuño
(inclusive)**

As solicitudes entregaranse na dirección ou na secretaría do centro